



Para seguir axudándolles ás empresas a dixitalizarse, R desenvolveu un obradoiro sobre como xestionar optimamente os datos corporativos

“Hai que apostar pola explotación do dato para completar o proceso de dixitalización na empresa”

- *No obradoiro dixital desta mañá, Alberto Díaz Freire, responsable de Transformación Dixital para empresas de R debullou ante un auditorio de máis de 80 profesionais e responsables de empresa as claves para garantir a calidade da xestión dos datos nas corporacións.*
- *Alberto Rezola, responsable de explotación do dato e socio de DATU (A), destacou no encontro virtual que “o goberno do dato establece as políticas para axudar tanto ao cumprimento regulatorio como a explotar os datos de forma segura, veraz e eficiente.”*
- *Analizáronse, entre outras cuestións, os fundamentos dunha empresa “data driven” e as ferramentas imprescindibles para articular o goberno e a xestión dos datos corporativos.*
- *R continúa acompañando as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para que sigan sendo competitivas a todos os niveis e en calquera escenario do mundo.*
- *A xornada, eminentemente práctica e interactiva cos asistentes, desenvolveuse no edificio virtual de R e do Grupo, “The Tech Experience”, lugar de encontro e reflexión sobre tendencias tecnolóxicas e oportunidades para os negocios da man de expertos.*

Martes, 20 de abril de 2021.- O obradoiro práctico desta mañá, titulado “*Goberno e explotación dos datos corporativos*”, é a primeira parte dun mini-ciclo de encontros dixitais que terá continuidade noutra sesión o próximo mes de maio, para seguir profundando neste tema de importancia radical a día de hoxe nas organizacións en proceso de dixitalización.

Organizado por **R** e o Grupo Euskaltel, no obradoiro desta mañá interviñeron Alberto Díaz Freire, responsable de Alianzas, IoT e Transformación Dixital para empresas de **R** e do Grupo, e Alberto Rezola, responsable de explotación do dato e socio de DATU (A). Ambos os dous expertos deixaron claro, no obradoiro dixital, a necesidade de facer unha aposta clara polos datos e a súa explotación dentro da estratexia de dixitalización das empresas.

Entre outras cousas, o auditorio, formado por máis de 80 profesionais e directivos de empresa, puido coñecer as novas arquitecturas que na actualidade permiten combinar os datos, almacenalos adecuadamente para a súa explotación e dispor das ferramentas de goberno necesarias para mellorar, xestionar e garantir a calidade e o correcto aproveitamento de toda esa información corporativa.

Adquisición, preparación, integración e goberno

Cómpre que o proceso de goberno do dato pase necesariamente por catro fases que os portavoces explicaron detalladamente:

_Adquisición de calquera tipo de dato en tempo real ou por ‘lotes’ ou ‘silos’ (*batch*) integrados, automatizados e optimizados.

_Preparación e almacenamento, que implica extraer, cargar e transformar os datos e integralos e almacenalos nos sistemas a curto e longo prazo, de xeito que queden preparados para a súa explotación posterior.

_Goberno do dato, mediante **ferramentas que administren**, melloren e garantan a calidade dos datos para o seu correcto aproveitamento ou explotación.

Neste sentido, Alberto Díaz Freire incidiu na importancia de que as empresas desenvolvan **novas estratexias arredor do dato**: “*Os sistemas actuais de almacenamento das empresas non son abondos, é preciso desenvolver unha nova estratexia. Almacenamento baseado en ‘silos’ de información difíciles de gobernar e en constante evolución debe complementarse con novas arquitecturas e tecnoloxías que permitan combinar todos os datos necesarios, gardalos de forma adecuada para a súa explotación e dispor de ferramentas de goberno coas que xestionar e garantir a calidade e o correcto aproveitamento desa información*”.

Con respecto á xestión de grandes cantidades de datos en continuo crecemento dentro das corporacións, Alberto Díaz explicou que se require “*a adopción de plataformas e tecnoloxías como IoT, Big Data ou Machine Learning e dispor de coñecemento e persoal altamente cualificado. Dende R queremos axudar ás empresas e administracións a incorporar a tecnoloxía necesaria e acompañalas nun proceso que se traduza en beneficios reais dende o primeiro momento. (...) Hai que apostar pola explotación do dato para completar o proceso de dixitalización na empresa*”.

Alberto Rezola, pola súa banda, defínese na importancia de dispor dos datos nas condicións axeitadas: *“Como estamos a ver nos últimos anos, os datos son o novo petróleo, un novo activo fundamental para as organizacións que precisan dunha refinaría ou fábrica de datos para controlalos e explotalos óptima e eficientemente. Os resultados desa explotación van depender de xeito directo da calidade e veracidade dos propios datos. A inexactitude, a falta de actualización ou a desorganización non van permitir un aproveitamento adecuado da información e, con moita probabilidade, provocarán grandes perdas de tempo e diñeiro.* “Por iso, continúa Rezola, *“é imprescindible dispor de ferramentas para garantir a **calidade do goberno do dato** e a súa confiabilidade, medios para administrar, mellorar e garantir eses valores nun proceso continuo, que é preciso sistematizar e automatizar se queremos alcanzar o aproveitamento máximo dos datos corporativos”.*

Empresas máis competitivas, empresas “data driven”

O obradoiro resultou, en suma, unha aproximación didáctica e práctica aos fundamentos para converter as organizacións en empresas “**data driven**”, aquelas que adaptaron a súa cultura empresarial a unha contorna dixitalizada e utilizan os datos para mellorar o seu funcionamento. Este modelo de empresa dixitalizada consegue, en primeiro termo, **augmentar a súa competitividade** e optimizar o proceso de toma de decisións. E para iso é necesario reorganizar os recursos tecnolóxicos para lograr que sexan realmente efectivos. Neste tipo de empresas, o **emprego eficiente dos datos** é o eixo de todos os seus procesos de traballo e toma de decisións. A información convértese no seu principal activo de valor e **xestionala eficazmente** é misión prioritaria. Grazas a iso, estas compañías adaptadas aos novos tempos poden actuar en tempo real.

En liña con outras xornadas desenvolvidas no edificio virtual de **R** e do Grupo, a de hoxe tamén tivo un marcado carácter de interacción cos asistentes. O auditorio participou en *The Tech Experience* expondo as súas dúbidas e inquietudes neste lugar de encontro e reflexión sobre tendencias tecnolóxicas e oportunidades para os negocios.

SUMARIOS:

“Os sistemas actuais de almacenamento das empresas non son abondos, é preciso desenvolver unha nova estratexia”

“Os datos son o novo petróleo, un novo activo fundamental para as organizacións que precisan dunha refinaría ou fábrica de datos para controlalos e explotalos óptima e eficientemente”

“‘Silos’ de información en constante crecemento deben complementarse con novas arquitecturas e tecnoloxías que permitan almacenalos axeitadamente para a súa explotación”

“Inexactitude, falta de actualización ou desorganización dos datos impiden o seu aproveitamento axeitado e provocan perdas de tempo e diñeiro”